



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, Natividad Balea Torres, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia a Interventora Acumulada Sonia David Cortegoso Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4296.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 27 DE SETEMBRO DE 2016, NÚMERO 537.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do contido da acta da reunión do Pleno realizada con data 27 de setembro de 2016 número 537 e ao non formularse observación ou corrección ningunha esta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4297- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4290.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SARTAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios e solicitouse da Dirección de Centro da Consellería de Educación informe previo á desafectación; 4291.- CONTRATACIÓN, DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 14268 POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NA SECA CON DESTINO A QUIOSCO BAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Contratación; 4292.- CONTRATACIÓN, DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 14290, POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NA FINCA COSTA XIRÁLDEZ

CON DESTINO A QUIOSCO BAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao servizo de contratación; 4293.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS PARA O EXERCICIO 2017.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 4294.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 7/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 4295.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR JULIO PÉREZ UCHA EXP. 273/16 POR OBRAS EN INMOBLE SITO EN CARREIRO DAS VEIGAS, 12 (COMBARRO).- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao servizo de urbanismo e notificouse ao solicitante.”.

A Corporación dáse por enterada.

4298.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4299.- INTERVENCIÓN, EXP. 32/2016, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de outubro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 11 de outubro de 2016, do informe da Intervención Municipal de data 11 de outubro de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 11 de outubro de 2016 que, textualmente, di o seguinte: “Visto o expediente consistente na modificación orzamentaria núm. 32/2016, mediante transferencia de crédito, derivado da existencia de facturas rexistradas na contabilidade municipal que non dispoñen de crédito (facturas que figuran na relación núm. 79 que se xunta ao expediente), así como para poder repoñer crédito na aplicación 920.22200, que se prevé que dispón de crédito insuficiente para os gastos a realizar de aquí á finalización do ano.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Providencia de Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado, e co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adquiridos e de futuros gastos a realizar PROPOÑO :

Primeiro: Autorizar o cambio de finalidade do préstamo concertado no exercicio 2016, no que respecta a transferir o importe de 3.000€ que figuraban na aplicación 334.62500 (Cultura. Mobiliario) as aplicacións 920.62500 (Administración Xeral. Mobiliario. Importe 179,08€) e 920.62600 (administración Xeral. Equipos procesos de información: 2.820,92€).

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº32/2016, mediante transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintas áreas de gasto, nos conceptos e contías que figuran na Providencia de Alcaldía por importe total de 16.000€.

Terceiro: Que, unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se someta o expediente ao trámite de información pública tal e como se establece a lexislación aplicable vixente.

Cuarto: Que unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, se proceda a aprobación das facturas que forman parte da relación nº. 79 obrantes no expediente, por importe total de 10.803,20€, ao entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder á súa aprobación.”

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2

abstencions do PP e da concelleira Non Adscrita acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno para súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 8 abstencións (7 PP e 1 Concelleira non adscrita) aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Autorizar o cambio de finalidade do préstamo concertado no exercicio 2016, no que respecta a transferir o importe de 3.000€ que figuraban na aplicación 334.62500 (Cultura. Mobiliario) as aplicacións 920.62500 (Administración Xeral. Mobiliario. Importe 179,08€) e 920.62600 (administración Xeral. Equipos procesos de información: 2.820,92€).

**Segundo:** Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº32/2016, mediante transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintas áreas de gasto, nos conceptos e contías que figuran na Providencia de Alcaldía por importe total de 16.000€.

**Terceiro:** Que, unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se someta o expediente ao trámite de información pública tal e como se establece a lexislación aplicable vixente.

**Cuarto:** Que unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, se proceda a aprobación das facturas que forman parte da relación nº. 79 obrantes no expediente, por importe total de 10.803,20€, ao entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder á súa aprobación.

4300.- URBANISMO, EXP. 29/16 SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO POR OBRAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR EN AVDA. DA CRUZ, 20 DE EMIGDIO GÓMEZ FUENTES.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de outubro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Emigdio Gómez Fuentes, exp. núm. 29/16 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 28 de xaneiro de 2016, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras vivenda en Avda. da Cruz núm. 20 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 4 de outubro de 2016.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 29/16, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 29/16, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro

**Segundo:** Pretar aprobación a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Urbanismo e ao interesado con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4301.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de outubro de 2016 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción de data 13 de outubro de 2016 que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 14 de outubro de 2016 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordo: “ 1. Instar á Xunta de Galicia á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuita. 2. A existencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE. 3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.”

A Sra. Caldas Moreira explica o contido da moción indicando que coa aplicación da Lomce hai cuestións totalmente negativas para o sistema educativo e antidemocrática pola forma de aprobarse; en contra tamén da inclusión da proba xeral de 3º e 6º de Primaria e as reválidas de 4º da ESO e en bacharelato rompendo coa avaliación continua, é un modelo centralista que non ten en conta os contidos específicos do marco galego que son imprescindibles para a formación do alumnado no seu contexto.

A Votación por 5 votos a favor do BNG, PSOE e da Concelleira Non Adscrita, ningún voto en contra e 1 abstención do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

A Sra. Caldas Moreira manifesta que o grupo municipal do BNG mantén os motivos expostos na Comisión de Facenda en contra da Lei, trátase dunha reforma que non ten apoios do sistema educativo e pedimos a súa derogación, responde basicamente á centralización e mercalización da educación e sáltase os principios de igualdade e acceso universal.

Creemos que con esta lei estase a dar un paso atrás no sistema educativo e solicitamos da Xunta de Galicia para que defenda as competencias nesta materia proceda á eliminación das reválidas e que esta solicite do goberno do estado a súa derogación.

O Sr. Agís Gómez di que o Grupo Municipal Socialista está de acordo coa moción, polo tanto en contra da LOMCE, cremos que non pode ir adiante xa que é un retroceso no sistema educativo.

A Sra. Díaz Iglesias di que está a favor da moción, xa no ano 2013 se debateu e aprobou unha en contra do proxecto de lei.

E unha lei que pretende trasladar ás aulas o sistema do Partido Popular sendo totalmente retrógrada e racista.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o Grupo Municipal do PP vaise abster na votación.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo BNG de oposición á LOMCE e ás súas reválidas a que queda aprobada por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 concelleira non adscrita), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galicia á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuita.

**Segundo.-** Exixir da Xunta de Galiza que solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.

**Terceiro.-** Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

4302.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A TRASPARENCIA NO FINANCIAMENTO DE EVENTOS E ACTIVIDADES DE COLECTIVOS CON FONDOS MUNICIPAIS.- Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular e que foi informada pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte na súa sesión realizada o 5 de outubro de 2016 e que di o seguinte: “Poio, en maior medida que outros concellos da contorna, desfruta tradicionalmente dun tecido asociativo e cívico de gran dinamismo e vitalidade: desde o ancestral asociacionismo da xente do mar á peculiar e distintivamente nosa forma de artellar a administración conxunta dos montes veciñais en man común, ás máis recentes asociacións de veciños –unhas máis recreativas, outras máis reivindicativas; ora centradas na cultura, no deporte ou no uso simple anhelado de mellorar a veciñanza ou a parroquia propia- os podienses caracterizámonos pola capacidade e a inclinación por “facer cousas en común”.

Esta predilección pola iniciativa conxunta, unida ás particularidades xeográficas e demográficas do noso concello fai que non haxa unha parroquia sen colectivos de distinta finalidade, e mesmo que cada lugar, sexa grande ou pequeno, conte cun círculo ou asociación dalgún tipo cun programa de actividades ou con iniciativas –puntuais ou periódicas- que organizar.

Así, as distintas festas gastronómicas que se celebran en cada parroquia, os certames musicais ou escénicos, torneos deportivos e outras actividades lúdicas organizadas polos máis diversos colectivos son posibles principalmente grazas ó esforzo desinteresado de directivos, asociados e voluntarios destas asociacións, e ás aportacións económicas e de todo tipo que fan,

se tamén se solicitan e reciben subvencións e axudas por parte das distintas institucións – incluído o Concello.

Estas axudas, atendendo á lexislación básica que regula a acción municipal (Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local) e ó regulamento sobre subvencións galego (Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia) e estatal (Ley 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións) deben servir para coadxuvar na realización de actividades que contribúan ao fomento dos intereses dos veciños, rexéndose sempre polos principios de obxectividade, publicidade, libre concorrència e igualdade.

Desde o grupo municipal popular observamos con preocupación unha tendencia crecente por parte do goberno municipal a dificultar a aplicación dalgún destes principios, con prácticas que favorecen a discrecionalidade e a opacidade: ocultación dos importes reais das axudas mediante prácticas contables pouco rigorosas, falta de información e transparencia sobre os importes e o procedemento das mesmas.

Esta falta de información, unida ao que moitos perciben como parcialidade ou discrecionalidade na concesión de axudas, está a xerar tensións entre os colectivos do Concello, enfrontando a parroquias, lugares e veciños que non dispoñen de información clara e directa sobre os importes e condicións con que cada asociación recibe axuda procedente do erario municipal.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Manter unha reunión con todos os colectivos (veciñais, culturais, deportivos e doutra natureza) con actividade e domicilio en Poio na que se informará de todas as axudas, directas e indirectas, recibidas para a celebración de eventos ou para o financiamento das actividades correntes, así como o procedemento de aprobación das mesmas.

Achegarase aos colectivos os expedientes relativos ás respectivas axudas recibidas, que incluirán o detalle do procedemento de aprobación das axudas correspondentes e a acta do órgano que aprobou.

Aos efectos desta moción se entenderán como axudas o conxunto de todas as transferencias comúns procedentes do orzamento municipal así como todas as facturas por bens e servizos prestados con motivo de eventos e actividades auspiciadas ou organizadas por colectivos e imputadas ao concello ou remitidas ao municipio.

Na reunión consultarase os grupos sobre o método preferido para comunicar a información contida no punto anterior.

As opcións para comunicar os desgloses e importes poden incluír distintos métodos: informáticos/telemáticos (unha páxina web con información fiel e actualizada), presenciais (reunións periódicas con todos os colectivos e presentación da información)... sempre a condición de que o conxunto de grupos reciban a información desglosada / agregada do total de axudas recibidas por cada colectivo e evento e detalles sobre o procedementos de aprobación de cada axuda..

A publicación no máis breve prazo posible da información referida no punto 1 relativa a todos os eventos e actividades organizados en Poio ou por colectivos con actividades / domicilio en Poio que xeraran gastos imputados ó orzamento municipal.

A adopción dos medios técnicos necesarios para a publicación e comunicación periódica en periodos sucesivos de toda a información desglosada / agrupada relativa a cada colectivo e cada evento. ”.

O Sr. Moldes Martínez comeza a quenda de intervencións explicando o contido da moción que responde a varias preguntas formuladas polas distintas asociacións, xa que en Poio é un tecido de gran importancia. Pedimos transparencia na distribución de fondos e tamén unha

reunión cos colectivos para explicar as formas e criterios de reparto, porcentaxes, motivos de colaboración, acceso aos locais.. para que ninguén se sinta discriminado e eludir dúbidas mellorando a comunicación.

O Sr. Barreiro Lubián di que non parece ser unha cuestión de dar información senón o sistema para outorgar as subvencións neste sentido algunha asociación pediu información.

Ao respecto das subvencións do PAC xa se dixo que o concello no ía facer unha distribución senón que se repartiría segundo as necesidades.

As subvencións están detalladas no Anexo de subvencións, ao redor de 150.000 € e poden ser motivo de emenda no trámite de información pública dos presupostos.

A moción en si non plantexa unha reunión cos colectivos, o que si se pon en dúbida son os criterios que se utilizan para a repartición dos fondos. Si se pretende unha reunión o que se debe facer é solicitala claramente.

Podería sacarse unhas bases segundo a lei de subvencións, pero non ten sentido porque os importes son moi pequenos non tratándose de importes elevados.

O Sr. Moldes Martínez responde que o Sr. Barreiro conta o que quere, xa que hai axudas indirectas que superan o total das nominativas, non o criticamos pedimos transparencia para evitar dúbidas.

O Sr. Agís Gómez di que solicitan transparencia, as reunións non están mal e tamén publicación na web.

Con respecto aos locais agora mesmo o Concello está a facer esforzos para atender as peticións pero os locais son os que son e o número é limitado.

O sistema de subvencións é bastante equitativo, creo que ninguén se pode sentir discriminado porque aquí non se marxina a ningunha asociación.

Con respecto á xestión, podería haber bases, pero ten a dificultade da puntuación. Agora mesmo os importes varían segundo a importancia, trascendencia e relevancia das actividades que se realicen e por sorte Poio ten moitas asociacións con moita actividade.

Toma a palabra a Sra. Díaz Iglesias para manifestar que está practicamente en total conformidade coa moción do grupo municipal do Partido Popular. A continuación fai referencia aos principios que inspiran de acordo coa normativa aplicable, a concesión de axudas públicas, en especial da importancia da transparencia nesta clase de procedementos por canto ademais favorece a participación das asociacións na vida municipal.

Mais móstrase contraria a apoiar acordos que teñen por finalidade crear malestar, enfrontamento e rivalidade entre os colectivos do concello, utilizando as súas peticións e necesidades para facer oposición ao goberno municipal.

Indica que o concello xa conta cunha ordenanza que regula o outorgamento de subvencións do ano 2005 e que polo tempo transcorrido o mellor necesita dunha actuación que se adapte mellor ás demandas sociais. Insta a que se aplique non so un mecanismo de concesión directa se non o procedemento xeral de concorrencia competitiva.

Así mesmo comenta as deficiencias e incidencias detectadas no funcionamento da actual páxina web, apartado transparencia, por atoparse os enlaces baleiros, poñendo distintos exemplos (convenios, subvencións, orzamentos etc) e polo laboriosa e pesada en tempos que resulta atopar a información na mesma.

Pregunta ademais pola utilización nominativa da páxina web Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a referencia que fai ao Plan de transparencia e bo goberno para as entidades locais da FEGAMP, solicitando información sobre

a posible adhesión do concello a dito plan.

Pese as anomalías detectadas destaca que pode comprobarse que é un problema común detectado nas páxinas webs dos concellos da comarca.

A Concelleira Salgueiro Piñeiro di que por mor dunha subvención que nos outorgaron tivemos que sacar o portal de transparencia. Agora mesmo estamos adheridos ao portal de transparencia de eido local que xa existía.

A información irase colgando no portal segundo se vaia recibindo, xa que se pediu colaboración aos departamentos dos que depende.

O Sr. Alcalde di que, ao mellor na páxina do concello non está a información, pero nunca se negou a ningún coñecela sempre se puxo enriba da mesa a aquelas persoas interesadas que a solicitaron.

O Concello de Poio organiza eventos con colaboración dos colectivos, independentemente da súa cor, en actuacións e eventos, evidentemente non todos reciben a mesma colaboración pero depende do evento que organicen.

Os locais son limitados e vanse repartindo segundo as peticións que se van recibindo.

O noso grupo pensa que coa moción non se pretende a transparencia senón crear problema.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP a que queda rexeitada por 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira non adscrita) e ningunha abstención.

4303.-DAR CONTA DO INFORME DO 3ºT/2016 SOBRE CUMPRIMENTO DA LEI POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

A Continuación a secretaria presente na sesión dá conta do expediente que presenta a intervención municipal conxuntamente coa tesourería de informe trimestral de morosidade correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2016 para dar cumprimento ao disposto no artigo 16 da orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se regulan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamenaria e sustentabilidade financeira.

A corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4304.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN AVITURGA EN RELACIÓN AO PROXECTO DE DECRETO/2016 POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS, VIVENDAS TURÍSTICAS E VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete mebros presentes sendo este o seu número legal de membros polo Sr. Barreiro Lubián dáse conta do escrito da Asociación de vivendas Turísticas de Galicia, que é asumido polos Grupos Municipais do BNG e do PSOE.

O Sr. Barreiro Lubián procede á explicación do devandito escrito e da lectura íntegra aos acordos e que din textualmente:



1º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a retirada do proxecto de decreto/2016 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a elaborar un decreto no que participe na súa redacción para regular a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico cuns requisitos mínimos, que teña finalidade potenciar as vivendas turísticas e non eliminalas. Na elaboración do mesmo que participe unha representación dos propietarios das vivendas así como os concellos.

O Sr. Agís Gómez di que lle parece correcto que se regulen este tipo de aloxamentos e están a favor do que pide a asociación. Entendemos que lle hai que dar cobertura ás vivendas turísticas e que os colectivos participen na súa elaboración. Ao mellor sería convinte no acordo que se adopte en vez de instar “a retirada” podemos instar “á modificación”.

O Sr. Martínez Blanco di que se trata dun decreto necesario en Galicia xa que debe haber un promedio de 6000-7000 vivendas, existe unha competencia desleal para os que cumpren a normativa, e nun ano malo as diferencias nótanse sobre todo agora co uso das plataformas, e como exemplo este verán que foi moi bo para o turismo. O que se pide é un decreto axeitado que cumpra as expectativas.

O Sr. Moldes Martínez di que a Dirección Xeral de Turismo solicitaba un regulamento, o problema está nas queixas dos hostaleiros, que ven un monstruo nas novas plataformas.

Houbo moitas reunións e fai falta que se regule. Trátase dunha problemática similar ao dos furanchos.

O Sr. Alcalde a continuación dálle a palabra á presidenta da Asociación durante dous minutos que está presente na sesión coa finalidade de dirixirse aos presentes para que explique os motivos do escrito.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o escrito presentado o que queda aprobado por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira non adscrita), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a retirada do proxecto de decreto/2016 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a elaborar un decreto no que participe na súa redacción para regular a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico cuns requisitos mínimos, que teña finalidade potenciar as vivendas turísticas e non eliminalas. Na elaboración do mesmo que participe unha representación dos propietarios das vivendas así como os concellos.

4305.- MOCIÓN DE APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais polo Sr. Barreiro Lubián dáse conta da moción de data 14 de outubro de 2016 no que tras unha exposición de motivos remata solicitando do Pleno da Corporación a adopción dos

seguintes acordos:

1º.- Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.

2º.- Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.

3º.- Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.

4º.- Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.

5º.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congresos dos Deputados.

A continuación ábrese un turno de intervencións e o voceiro do grupo municipal do Partido Popular indica que apoiarán a moción máis insta a eliminación do cualificativo “incompetente” ao Director Xeral da Mariña Mercante

Manifestando os proponentes da moción á eliminación proposta, esta queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.

**Segundo.-** Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.

**Terceiro.-** Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.

**Cuarto.-** Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta

tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.

**Quinto.**- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congresos dos Deputados.

#### MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta e tres minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.